

Palas de Rei, 21 de abril de 2022.- O Alcalde, Plablo José Taboada Camoira.

R. 0949

VIVEIRO

Anuncio

Por Decreto Da Alcaldía, polo que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar a bolsa de emprego para a cobertura temporal da praza de oficial/a primeiro/a mecánico/a soldador/a do Concello de Viveiro, procédese á seguinte convocatoria:

Vistas as bases e anexo polas que se establecen un procedemento para a inmediata posta a disposición de persoal no Concello de Viveiro e fixar as normas que rexerán o proceso selectivo para constituir a bolsa de emprego de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal. Número de expediente 2777/2022.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que “(...) todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico (...)”.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que “(...) as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- *Transparencia.*
- *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (...)*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que “(...) os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrència, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto (...)”

Tendo en conta que para acadar o referido funcionamento eficaz, e en base a criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente de crear unha bolsa de emprego provisional na categoría profesional de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A MECÁNICO/MECÁNICA SOLDADOR/A”, no departamento de obras, aos efectos de contratación con carácter temporal.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO:

- 1º.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, de carácter aberto.
- 2º.- Aprobar as Bases, e o seu anexo, que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso-oposición ao obxecto da constitución de bolsa de emprego provisionais.
- 3º.- Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases e anexos publicaranse na páxina web do concello (www.viveiro.es), no taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro e no taboleiro de anuncios dixital.
- 4º.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Viveiro, 20 de abril de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0950

Anuncio

Visto o convenio de cooperación da xunta cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, asinado con este Concello.